

## ACORDOS DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS DO DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2024

Héctor Rodríguez Martínez, coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocenos da Universidade de Santiago de Compostela,

INFORMO que a Comisión Académica do Máster, na súa reunión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, chegou ós seguintes acordos:

- Aprobación da acta da reunión da Comisión de data 22-10-2024.
- Aprobación de novos itinerarios de mobilidade no marco do convenio de dobre título entre o MEQB e a “Ingeniería Civil Bioquímica” da Pontificia Universidad Católica de Valparaíso (Chile), de acordo coa seguinte descrición:

\* Mobilidade do alumnado da PUCV que desexe acollerse ó convenio de dobre título:  
O alumnado da PUCV inicia a mobilidade unha vez teña aprobado o 8º semestre de Ingeniería Civil Bioquímica. Na USC deberá cursar os módulos 1, 2, 4 e 5, séndolle recoñecido o módulo 3. A mobilidade na USC, en todo caso, correspóndese con tres semestres académicos. Ademais, das optativas a cursar no módulo 4, este alumnado deberá seleccionar necesariamente as materias “Tecnoloxías Innovadoras de Tratamento de Augas” e “Ecoprocenos para o Tratamento de Augas”.

\* Mobilidade do alumnado da USC que desexe acollerse ó convenio de dobre título:  
O alumnado da USC inicia a mobilidade cos módulos 1, 2 e 3 do MEQB aprobados. A mobilidade na PUCV corresponderase con dous semestres académicos (1 curso académico dentro do mesmo ano natural), sendo a listaxe de materias a cursar as que se recollen na táboa seguinte, xunto cos correspondentes recoñecementos de materias do MEQB:

Semestre	Materias PUCV	Materias USC
Semestre 1 (primeiro semestre académico da PUCV)	ICB 612 Metodología de la Investigación y Diseño Experimental (3 créditos PUCV), ou a materia equivalente que se estableza [A PUCV programará a materia indicada ou a súa equivalente dentro da súa oferta de optativas.]	Planificación da Investigación (3 ECTS)
	ICB Optativo 1 (3 créditos PUCV) *	Materias optativas (9 ECTS)
	ICB Optativo 2 (3 créditos PUCV) *	
	ICB 5207 Proyecto de Ingeniería 1 (9 créditos PUCV) ** [O estudiantado USC levará a cabo un proxecto de título asociado a unha empresa/institución externa.]	Prácticas en empresa (12 ECTS)
Semestre 2 (segundo semestre académico da PUCV)	ICB 5206 Taller de Ingeniería de Bioprocenos (4 créditos PUCV) **	Materias optativas (6 ECTS)
	ICB 6101 Proyecto de Ingeniería 2 (pre-requisito ICB 5207) (13 créditos PUCV)	Traballo Fin de Máster (18 ECTS)

\* Esta materia pode cursarse en calquera dos 2 semestres segundo a oferta académica dispoñible.

\*\* Esta materia pode cursarse en calquera dos 2 semestres.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Héctor Rodríguez Martínez